

## FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: Leo Bassi

DIRECCIÓN: Leo Bassi

XÉNEROS: Comedia

75' ADULTO



# LEO BASSI

## YO, MUSSOLINI

### A COMPAÑÍA

Leva o circo no sangue. Hai seis xeracións, un devanceiro de Leo Bassi loitou á beira de Garibaldi antes de crear un dos primeiros circos modernos da Toscana. Pola outra beira familiar, durante o auxe do vaudeville, o seu avó británico Jimmy Wheeler foi unha das estrelas do London Palladium, antes de ser pioneiro en televisión nos primeiros anos da BBC.

Bassi, máis aló de continuar coa tradición familiar, salvagarda un propósito: manter vivo o espírito provocador que caracteriza o selo da súa estirpe. Porque Leo é un bufón, un home comprometido que considera que o pallaso debe mirar directamente ao poder, mofarse del e denuncialo mediante a risa. A provocación é unha ferramenta do compromiso para este italiano que debutou con sete anos en Australia, iniciando aos 23 a súa carreira en solitario, creando os seus propios espectáculos e converténdose, co paso dos anos, nun dos clown máis coñecidos do mundo.

### O ESPECTÁCULO

Leo Bassi volve posicionarse fronte á extrema dereita cun espectáculo nado do auxe en todo o mundo da vella ideoloxía fascista. Un desafío directo á xente que ten loitado sempre por unha vida máis solidaria e humanista.

*Yo, Mussolini* é unha peza provocadora e divertida, pensada para xerar optimismo e dar ao público que sae do teatro gañas de resistir, ou, mellor, “risistir!” con intelixencia á intolerancia. E é que a mensaxe máis importante de *Eu, Mussolini* é que o fascismo crece polo medo que xera, e que o mellor antídoto contra ese medo é o sentido do humor.

[+](#) INFO [▶](#) VÍDEO

CULTURACTIVA